

**XDO.1A.INST.E INSTRUCCIÓN N.1
VILALBA**

SENTENCIA: 00098/2022

OR5 ORDINARIO CONTRATACION-249.1.5 0000286 /2022 M

Procedimiento origen: /

Sobre RESTO.ACCIO.INDV.CONDIC.GNRLS.CONTRATACION

DEMANDANTE D/ña.

Procurador/a Sr/a.

Abogado/a Sr/a. AZUCENA NATALIA RODRIGUEZ PICALLO

DEMANDADO D/ña. COFIDIS, S.A., SUCURSAL EN ESPAÑA

Procurador/a Sr/a.

Abogado/a Sr/a.

SENTENZA

En Vilalba, a 26 de setembro de 2022

, xuíza do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción nº 1 de Vilalba viu os presentes autos de xuízo ordinario sobre condicións xerais da contratación seguidos co nº 286/2022 a instancia de don representado por don e defendido por dona Azucena Natalia Rodríguez Picallo. Foi parte demandada COFIDIS, S.A., sucursal en España, baixo a asistencia letrada de don e a representación de don .

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- A representación procesual de don presentou demanda de xuízo ordinario contra

demandada COFIDIS, S.A., sucursal en España (en adiante, COFIDIS) na que tras expoñer os feitos e invocar os fundamentos de dereito que estimou de aplicación, rematou solicitando que se ditase sentenza na forma na que consta no suplico da demanda, declarando a nulidade por usura do contrato de solicitude de crédito con n° subscrito polo demandante e a demandada o 21 de abril de 2015; así coma do contrato de seguro, condenado a entidade demandada a restituír ao demandante a suma das cantidades percibidas durante a vida da liña de crédito que excedan do capital prestado ao demandante, mais os xuros legais devindicados de ditas cantidades. Subsidiariamente interesou a nulidade por abusivas das cláusulas relativas aos xuros remuneratorios e a comisión de devolución do contrato, condenando a demandada a restituírlle ao actor as cantidades indebidamente cobradas en aplicación das devanditas cláusulas incrementadas nos xuros legais. Todo elo con expresa condena en custas á entidade.

SEGUNDO.- Admitida a trámite a demanda por decreto, deuse traslado á parte demandada para a súa contestación. En tempo e forma presentou escrito achandándose á acción de nulidade exercitada pola adversa e á restitución das cantidades reclamadas pola actora.

TERCERO.- Así as cousas, as actuacións quedaron vistas para ditar sentenza.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- *Pretensión da demanda*

Achámonos nun procedemento de xuízo ordinario por razón da materia onde a parte actora exercitou unha acción de nulidade por considerar usurario o contrato de solicitude de crédito nº
subscrito polo demandante e a demandada o 21 de abril de 2015. Deste xeito interesou a condena da demandada a restituír ao demandante a suma das cantidades percibidas durante a vida da liña de crédito que excedan do capital prestado ao demandante, mais os xuros legais devindicados de ditas cantidades

Pola súa parte, a entidade achandouse á declaración de nulidade do contrato, así como á restitución daquelas cantidades percibidas durante a vida da liña do crédito que excedesen do capital efectivamente prestado ao consumidor.

SEGUNDO.- *Achandamento da demandada á declaración de nulidade e as súas consecuencias*

O achandamento constitúe un acto unilateral do demandado comparecido no proceso no que manifesta o seu total e absoluta conformidade coa pretensión deducida polo actor na súa demanda, o que comporta un recoñecemento do dereito do actor que proporciona ao xulgador a base para ditar sentenza condenatoria sen máis trámite. O achandamento, para poder ser considerado como tal, require o recoñecemento do dereito do actor e a aceptación da pretensión formulada por este, supoñendo no demandado o abandono da oposición ou renuncia a súa formulación, o que obriga á xulgadora a poñer inmediato fin ao xuízo por sentenza ditada por mor do principio dispositivo nos termos do achandamento, sempre que o mesmo sexa total e verse sobre cuestións rexidas polo dereito dispositivo. E ademais, como se recolle na STS de 8 de novembro de 1995 "El allanamiento procesal implica

reconocimiento de sólo los hechos, sin que se impida su valoración judicial a efectos de pronunciar la sentencia que en derecho proceda, configurándose por la Jurisprudencia como una declaración de voluntad del demandado, con sus consecuentes responsabilidades si actúan o están interesadas otras personas y en razón a la conformidad que manifiesta a las pretensiones de la parte actora”.

O artigo 19 da Lei de Axuizamento Civil (en adiante, LAC), dispón que “los litigantes están facultados para disponer del objeto del juicio y podrán renunciar, desistir, allanarse, someterse a arbitraje y transigir sobre lo que sea objeto del juicio, excepto cuando la Ley lo prohíba o establezca limitaciones por razones de interés general o beneficio de tercero”. Asemade, a figura do achandamento regúlase na actualidade no artigo 21 LAC que prevé o achandamento do demandado ás pretensións do actor cando non sexa contrario ao interese ou orde público, nin se realice en prexuízo de terceiro.

No caso que nos ocupa, non concorre ningunha destas excepcións, de xeito que a consecuencia inmediata ten que ser a de ditar sentencia conforme ás pretensións da parte actora en canto a declarar nulo o contrato de liña de crédito suscrito entre as partes por ser usurario e condenar a demandada a restituírlle ao actor as cantidades indebidamente cobradas durante a vida do contrato en canto excedan do capital efectivamente prestado.

TERCEIRO.- O artigo 395 LAC establece que “si el demandado se allanare a la demanda antes de contestarla, no procederá la imposición de costas salvo que el Tribunal aprecie, razonándolo debidamente, mala fe en el demandado. Se entenderá

en todo caso que existe mala fe, si antes de presentada la demanda se hubiese formulado al demandado requerimiento fehaciente de pago, o si se hubiera dirigido contra él demanda de conciliación”.

No caso de autos é certo que o achandamento produciuse no prazo previsto para contestar á demanda, pero tamén que o demandante requiriu á entidade (documento nº 2) que respondeu a tal requirimento (documento nº 3 bis) en sentido negativo para o consumidor obrigando así ao cliente a acudir a contenda xudicial co conseguinte gasto que iso conleva. Polo tanto, as custas deben imponse á parte demandada.

Vistos os preceptos citados e demais de xeral e pertinente aplicación,

FALLO

Que **ESTIMO** a demanda interposta por la representación procesual de don _____ contra COFIDIS, S.A., sucursal en España e en consecuencia:

- 1.- DECLARO** a nulidade por usura do contrato de solicitude de crédito con nº _____ suscrito polo demandante e a demandada o 21 de abril de 2015; así coma do contrato de seguro
- 2.- CONDENO** á entidade demandada a restituír ao demandante a suma das cantidades percibidas durante a vida da liña de crédito que excedan do capital prestado ao demandante, mais os xuros legais devindicados de ditas cantidades
- 3.- CONDENO** á parte demandada a abonar as custas procesuais devindicadas.

Así o acorda, manda e asina _____, xuíza do
Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 1 de Vilalba.